

Tecnoloxías da Información e da Comunicación: Uso na Biblioteca

MISIÓN

A Biblioteca do IES Alexandre Bóveda ofrece este servizo co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades no acceso e uso destas tecnoloxías e para facilitar a formación continua da Comunidade Educativa.

O/a usuario/a respetará a legalidade en materia de propiedade intelectual e fará un

COMPROMISO DO/A USUARIO/A

uso axeitado do servizo, tendo sempre presente os principios que rexen a actividade da Biblioteca Escolar.

O/a usuario/a será o **único responsable** da información que poidera recuperar ou á que poidera acceder.

Os pais, nais ou titores legais son os responsables do uso que os menores de idade fagan do servizo.

O/a usuario/a non accederá a redes ou ficheiros da Biblioteca Escolar.

O/a usuario/a deberá respectar a configuración de equipos, arquivos ou programas propios do sistema.

O/a usuario só poderá empregar os programas informáticos previamente instalados nos postos.

ACCESO AOS POSTOS

É necesario presentar o carné de socio da Biblioteca Escolar. (ou indicar o número)

Pódese reservar un posto cun día de antelación e por dúas sesións por semana como máximo. Pasados cinco minutos de inicio da sesión reservada o posto quedará libre.

Cando existan postos libres e sen reservar poderán ser utilizados por calquera usuario/a. En calquera caso sempre haberá que cubrir o impreso de solicitude.

Non poderá haber máis de dúas persoas por posto.

CONDICIÓNS DE USO

Previamente ao uso do posto deberase solicitarlo **cubrinto o impreso** para iso. Só se autorizarán as solicitudes para a busca documental. (relacionada coas materias ou traballos de clase)

Non está permitido ningún tipo de **descarga** de arquivos (xogos, sintonías, vídeos, etc.)

Non está permitido o uso de **correo** electrónico persoal nin de ningún programa que permita a comunicación con outros ordenadores (p.e. **messenger**, etc)

Cada usuario/a poderá disfrutar dunha sesión ao día como máximo.

Só pode haber unha persoa por posto.


Un dos ordenadores ten unha impresora á vosa disposición, reservárase para aqueles que teñan que imprimir traballos. Por favor, indicádeo cando fagades a reserva.

En breve haberá un ordenador na sala principal para a consulta do catálogo
O Incumprimento das normas pode supoñer a suspensión do acceso ao servizo.

INFORMACIÓN

Se o posto non funciona axeitadamente, débese consultar ao persoal da biblioteca.

Os contidos e servizos de internet están cambiando constantemente polo que a biblioteca non pode supervisalos.



Outras consultas sobre as actividades da biblio en <http://biblioboveda.blogspot.com>